Para pequeno comercio

OS ALUGUEIROS ABUSIVOS TAMÉN ASFIXIAN A QUEN LEVANTA A PERSIANA CADA MAÑÁ

11



FÍO DO RELATO

Suba de prezos do alugueiro a comercios ou do prezo dos locais

↓

Suba dos alugueiros habitacionais supón menos gasto nos comercios

↓

Cambio na vida dos barrios, con negocios “franquicia”

↓

Peche de comercios tradicionais e perda da identidade barrial

↓

Organización e resposta colectiva

Podes apoiar de distintas formas, segundo as posibilidades de cada negocio: pechar durante a xornada, apoiar públicamente a convocatoria, difundir as súas reivindicacións ou participar nas iniciativas veciñais. **Podemos deixar un cartel da Folga? Queres que te informemos de cando é o comité de Folga barrial?**

LOS ALQUILERES ABUSIVOS TAMBIÉN ASFIXIAN A QUIENES LEVANTAN LA PERSIANA CADA MAÑANA

Sabemos o que custa levantar a persiana cada día e manter o negocio aberto. Cada vez atopamos máis desafiuzamentos de locais comerciais, **canto comezaches pagando por este local e canto pagas agora?** Queremos barrios cos comercios de toda a vida, onde se estás tres días sen ir, a dona pregunta por ti xa que se preocupa polas súas veciñas, Cada vez é máis caro manter un local e necesitamos barrios onde sexa posible vivir e traballar, non barrios onde todos os cartos vaian para pagar rendas.

SE NON PODEMOS PAGAR O ALUGER, TAMPOUCO PODEMOS COMPRAR NA TÚA TENDA

Cada euro que vai no alugueiro é un euro que deixamos de gastar no barrio. Se queremos rúas vivas, tendas abertas, e clientela durante todo o ano, necesitamos que a xente poda vivir dignamente e chegar a fin de mes. A crise da vivenda tamén é un problema. **Notaches que nestes anos a xente compra menos?**

O 11N PARAMOS

Entendemos que pechar un día pode supor unha perda económica. Pero non pechar e non facer nada, suporá perdas maiores a longo medio e longo prazo. Se conseguimos regular os alugueiros, tanto de vivendas coma de comercio. Se conseguimos manter nos barrios o comercio e lugares para vivir será mellor para o conxunto da veciñanza.